



FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Acta da reunión telemática de Xunta Directiva da Federación Galega de Tenis celebrada o 11 de marzo de 2021 ás 20:30 horas en segunda convocatoria e á que se conectan os seguintes membros:

Presidente: José Mosquera Casero
Vicepresidente: Gabriel Fernández Mourelle
Secretario: Ignacio López López
Vogais:
Susana Varela Vila
Javier de la Torre
Ana M^a Martínez Riveiro
Asistencia al Presidente:
Marco A Casal Costas – Dirección Deportiva
Asistencia al Secretario
M^a Jesús Fernández García

Acta de sesión:

É aberta polo presidente, que dá a benvida e agradece a presenza aos asistentes

Dáse paso aos puntos da orde do día:

1. Aprobación do acta da reunión anterior.

É aprobada por unanimidade

2. Proxecto axudas a clubs

O programa de axudas a clubs nace co afán de reducir os custos e bonificar o esforzo e compromiso dos clubs na promoción do tenis competitivo.

Atende á solicitude presentada en Asemblea Xeral de decembro de 2020, que se refería á posibilidade de que a Federación Galega de Tenis destinase unha partida para

axudar aos clubs polas dificultades económicas nas que se viron afectados polo peche obrigado pola pandemia do Covid 19 e despois de analizar o exercicio 2020 e o inicio do 2021, establécese un regulamento e un proceso para que os clubs poidan en breve solicitar estas axudas, que se presenta ante os membros desta Xunta Directiva. Os asistentes á reunión, despois de aclarar e retocar algúns termos do documento, aproban o seguinte regulamento:

A Federación Galega de tenis establece un máximo de gasto de 40.000€ neste programa. O período de cálculo realizarase cos equipos rexistrados na tempada 2020-2021, é dicir, as inscricións das categorías Veteranos+35, Veteranas+40, Veteranos+55 e Cadete que corresponden ao 2020, e o resto de categorías das inscricións do 2021 (Benxamín, Alevín, Infantil, Junior, Absoluto, Veteranas +35 feminino, Veteranos +45 masculino, Veteranos + 60 masc. e Veteranos + 65 masc.).

Para o cálculo da axuda aplicaranse as seguintes porcentaxes de bonificación en función do número de equipos rexistrados nas distintas categorías dos Campionatos Galegos por Equipos:

- 1 equipo rexistrado bonifícase o 100% da inscrición.
- 2 equipos rexistrados bonifícase o 80% da inscrición.
- 3/4 equipos rexistrados bonifícase o 70% da inscrición.
- 5/6 equipos rexistrados bonifícase o 60% da inscrición.
- 7 ou máis equipos bonifícase o 50% da inscrición. Condicións de acceso

Para acceder ás axudas deben cumprir as seguintes condicións:

- Estar ao corrente de pagos coa FGTenis.
- Non ter sancións disciplinarias coa consideración de moi graves.



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



O prazo de admisión das solicitudes será do 16 de marzo de 2021 ata o 16 de abril de 2021, a través dun formulario publicado na web e nas redes sociais.

O programa e aprobado por unanimidade.

3. Axudas ao tenis feminino

Este programa está dirixido a todas as xogadoras galegas con licenza pola Federación Galega de tenis que participan no circuíto profesional de tenis (WTA).

As condicións para acceder a este programa son as seguintes:

- Ter licenza pola FGTenis
- Ser galega ou ter un mínimo de 2 anos de residencia en Galicia.
- Residir no ano en curso en Galicia.
- Participar en polo menos 6 probas do circuíto WTA- ITF feminino.
- Presentar un calendario de competicións para o ano en curso e o programa de adestramentos.
- Participar no Campionato Galego Absoluto Feminino.
- Participar nas probas do circuíto WTA- ITF feminino que se celebran en Galicia.
- Participar en campañas publicitarias, recepcións ou clínicas que organice a FGTenis.
- Representar á FGTenis en posibles seleccións Autonómicas.

O programa concede as seguintes axudas ás xogadoras incluídas neste programa:

- Subvención do 50% dos gastos nos torneos WTA- ITF feminino, desde o día anterior ao comezo da participación na competición, ata o día seguinte á finalización da participación na competición. ou Manutención cun máximo por día de 35€/persoa. ou Aloxamento cun máximo por día de 45€/persoa. ou Inscrición. ou Desprazamento, billete de avión ou se é en vehículo 0,19€/km (ida e volta).
- Todos os gastos han de ser xustificados mediante factura.
- Posibilidade de cesión da furgoneta da FGTenis para o desprazamento. (en función da dispoñibilidade).
- A cantidade máxima destinada a este programa ascende aos 10000€.
- Os gastos deducibles restrínxense á xogadora.
- As competicións nas que son acompañadas polo seu adestrador (terá que ser adestrador titulado) pagaráselle unha dieta ao adestrador de 70€/día (contando desde o inicio da participación ata a súa eliminación).

Convenio Ambas as partes asinarán un convenio onde se comprometen a cumprir as condicións descritas no programa de tenis feminino profesional.

O incumprimento dalgunha das condicións do convenio terá a seguinte consecuencia:

- Reintegro de todas as axudas recibidas que se relacionen con este programa.

Teranse en conta aspectos alleos á xogadora que lle impidan cumprir algún dos condicionantes establecidos, por exemplo unha lesión.

O período de solicitude será do 16 de marzo de 2021 ao 16 de abril de 2021, e as xogadoras poderán solicitar adherirse ao programa, a través da inscrición do formulario publicado na web da Federación Galega de Tenis.

O programa e aprobado.



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

4. Axuste adecuación do calendario deportivo

Toma a palabra Marco A Casal que explica aos membros da Xunta Directiva as necesidades de unha nova coordinación do calendario de competicións da Federación Galega de Tenis.

En base á situación actual do calendario de competición deben de terse en conta os seguintes aspectos:

- Calendario competición por equipos.
- Calendario Galicia Head Tour.
- Disponibilidade de instalacións por parte dos clubs.
- Coincidencias entre competicións.
- Xornadas aprazadas e xornadas pendentes de xogo.
- Respetar e liberar de competicións Julio e Agosto, salvo o Campionato Galego Absoluto, tenis en cadeira e Benjamín do 25 de xullo.
- Respetar e liberar as datas dos campionatos de España a partir do 21 de Xuño.
- Codificación da Clasificación canto antes para que os xogadores poidan disputar os campionatos de España e Abertos coa mellor clasificación posible,

Considerouse necesario realizar unha adaptación do calendario coas seguintes modificacións:

- Liberouse semana santa para que os clubs poidan recuperar todas as xornadas aprazadas, e que o Campionato Galego Infantil e Junior xunto coa primeira proba Galicia Head Tour pódase levar a cabo.
- Limitase a participación a unha categoría por xogador no Galicia Head Tour, para que esta coordinación sexa posible.
- Trasládase a 1ª proba do Galicia Head Tour(campionato galego infantil e junior) á data do 26 de Marzo ao 11 de abril, cancelando a proba asignada a Ferrol.
- Amplíase nun club a maiores a primeira proba, quedando da seguinte maneira:
 - CT Pontevedra.
 - Mercantil de Pontevedra
 - CT Rial
- CANCELÁSE a proba do Galicia Head Tour de Maio (CT Rial- Mercantil de Pontevedra).
- O circuío Galicia Head Tour consta por tanto de 4 probas + Master.

A pesar de todos estes cambios, será necesario coordinar a competición por equipos co Galicia Head Tour e os Campionatos Galegos por Equipos, seguindo os seguintes criterios:

- Coordinaranse as categorías masculinas e femininas entre ambas as competicións da seguinte maneira:
 - As categorías femininas do Galicia Head Tour xogaranse o sábado.
 - As categorías masculinas do Galicia Head Tour xogaranse o domingo.
 - As categorías femininas do Campionato por Equipos xogaranse o domingo.
 - As categorías masculinas do Campionato por Equipos xogaranse o sábado.
- en función da relación de rexistrados entre masculino e feminino esta organización podería modificarse alterando o día de xogo das categorías masculinas ou femininas.



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



- Os clubs que teñan a xogadoras/é implicados en ambas as competicións deben solicitar o cambio do horario na competición por equipos para que non haxa problemas de coordinación.
 - As datas previstas para levar a cabo esta coordinación serían as seguintes:
- 1ª proba GHT - 27-28/03/2021.
 - 2ª proba GHT - 1-2/05/2021 - 8-9/05/2021

5. Informes do Presidente

Toma a palabra o presidente e informa que o vindeiro sábado 13 de marzo celebraranse de forma telemática as eleccións a presidente e comisión delegada da Real Federación Española de Tenis. Gabriel Fernández Mourelle , vicepresidente da FGT, entra a formar parte da Comisión Delegada da RFET.

Marco A Casal e Gabriel Fernández informan sobre a intención de participación de moitos mais xogadores no Cto de España de Tenis Praia en relación a edicións anteriores. Acórdase aumentar ata un máximo de 2000€ a dotación de axuda a asistencia a esta competición. Se reserva a axuda a aqueles xogadores que demostren que teñen nivel suficiente para competir a nivel nacional.

E non habendo mais temas que tratar, dáse por pechada a sesión telemática desta reunión sendo as 22.30 horas, levántandose a presente acta que asino como secretario da Federación Galega de Tenis co Vº Bº do presidente, D. José Mosquera Casero.

José Mosquera Casero
Presidente FGT



Ignacio López López
Secretario